

4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA SPRINT CAMPIONATO GALEGO SPRINT

SÁBADO, 09 DE XULLO DE 2022



LALÍN – SILLEDA

www.fegado.es

Contacto: info@xestanatureza.com | 644567614

Colaboran:



Organizan:



CONCELLO DE LALÍN



4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |



CONCELLO DE LALÍN



1 – ORGANIZACIÓN

ORGANIZA: XESTA NATUREZA

Dirección da proba: **Adrián Moreira Alonso / Ricardo Figueroa Fernández**

Trazados: **Ángel Álvarez Serto**

Responsable SportIdent: **Mónica Figueroa Leiro**

Responsable de saídas: **Carla Veiga García**

Delegado de campo COVID: **Ricardo Figueroa Fernández**

Responsable de Campo: **Sonia Arias Lima**

Xuiz controlador: **Maikel Rodríguez Domínguez**

2 – MAPAS E INFORMACIÓN TÉCNICA

Data da competición: **sábado, 9 de xullo de 2022**


Centros de Competición: **Lalín / Silleda**

Mapas:

- **LALÍN** | Rexistro PO-3080-22 | Realizado en 2018 por Ángel Á. Serto e Ricardo Figueroa Fernández, revisado en xuño de 2022 por Ángel A. Serto e Adrián Moreira Alonso.
- **SILLEDA** | Rexistro PO-3079-22 | Realizado en 2018 por Ángel Á. Serto e Ricardo Figueroa Fernández, revisado en xuño de 2022 por Ángel Á. Serto e Ricardo Figueroa Fernández.

Prohibición de acceso a mapas: lémbrese que está prohibido o acceso aos terreos de competición dende o momento no que se declara a súa utilización para esta proba a través do presente boletín (artículo 17.2 do Regulamento de Orientación FEGADO). Polo tanto, prohibese o acceso ás zona de competición sinaladas, nas cales terán lugar as probas.

Zona Prohibida Lalín



Zona Prohibida Silleda



4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |




CONCELLO DE LALÍN



INFORMACIÓN TÉCNICA E COMENTARIOS DO TRAZADOR:

- Mapas urbanos con zonas mixtas de parques, prados e pequenos bosques.
- Algunha zona de mapa, con certo desnivel, máis ou menos acusado.
- En xeral, carreiras rápidas.
- Os tempos gañadores serán un pouco máis altos do habitual.
- **Lembramos que o tráfico NON estará pechado, polo que solicitamos atención nos cruces e interseccións ás persoas que participen na carreira.**
- **Respectar prohibidos en rúas (no mapa estará sinalizado): saltarse un prohibido, privado ou infranqueable é descualificación (haberá persoal de Organización).**
- **PRESAÍDAS: En ambas probas existirán chamadas de presaída: En Lalín 10 minutos, e en Silleda, 15 minutos.**
- **CORENTENAS:**
 - **LALÍN: NON** existirá corentena, polo que se pide a tódalas persoas participantes que sigan un exemplo de xogo limpo, evitando transitar polo casco urbán nas horas previas á celebración da proba.
 - **SILLEDA: SÍ** existirá corentena, polo que tódolos participantes deberán acceder á mesma (Pavillón Polideportivo César González Fares), entre as 16:00 e as 16:30h. **A partir das 16:30h non se permitirá a ninguén acceder á zona da corentena, polo que non poderá realizar a súa carreira.**
 - **Unha vez rematadas as saídas, permitirase aos participantes acceder de novo ao Pavillón, para recoller as súas mochilas ou ducharse.**



CROQUIS DAS ZONAS DE COMPETICIÓN

LALÍN



SILLEDA



4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |



CONCELLO DE LALÍN



3 – PROGRAMA

Sábado , 9 de xullo de 2022

- **LALÍN:**
 - **10:30:** Apertura de Secretaría (Centro de Competición); recollida de pinzas SportIdent.
 - **11:00:** Primeiras saídas
- **SILLEDA:**
 - **16:00:** Apertura de Corentena.
 - **16:00:** Apertura de Secretaría (Centro de Competición); recollida de pinzas SportIdent.
 - **16:30:** Peche de Corentena.
 - **17:00:** Primeiras saídas.
- **ENTREGA DE TROFEOS:**
 - A partir das 19:30h, farase entrega de trofeos do Campionato Galego Sprint ás 3 primeiras posicións de cada categoría oficial.
 - A entrega de trofeos realizarase na zona de Meta.
 - As posicións determinaranse pola suma de puntos das dúas probas (Lalín + Silleda).
- **Os participantes teñen a obriga de coñecer a súa hora de saída, e non existirán listados de saída impresos. Non se chamará por nome nen dorsal en categorías oficiais (sí se fará nas categorías de iniciación).**
- **A organización limitarase a comprobar que os dorsais son os correctos na súa franxa horaria).**
- **TEMPO MÁXIMO DAS CARREIRAS:** (concretarase a hora de peche de meta unha vez realizado o sorteo de horas de saída e coñecida a hora de saída do derradeiro corredor/a). Establécese un tempo máximo de 45 minutos para cada categoría e carreira. Unha vez declarado o peche de meta, iniciarase a retirada das balizas.

4 – CRONOMETRAXE

- **Obrigatorio o uso de pinza Sportident para todas as categorías.**
- **As estacións estarán programadas para o uso das tarxetas SIAC no modo activo AIR+.**
- **A organización disporá de pinzas SIAC para todo orientador que o solicite, en concepto de aluguer, para favorecer a igualdade na competición.**

4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |



CONCELLO DE LALÍN



5 – DISTANCIAS E DESNIVEIS

LALÍN

Categoría	Distancia (km)	Desnivel	Controis	Escala
F-12	1,3	30m	12	1:4000
F-14	1,5	40m	14	
F-16	1,6	45m	13	
F-18	1,8	50m	13	
F-21A	1,9	50m	13	
F-21B	1,6	45m	13	
F-35	1,9	50m	14	
F-40	1,9	50m	14	
F-45	1,6	45m	14	
F-50	1,2	25m	13	
F-55	1,1	25m	13	
F-E	2,2	60m	16	
M-12	1,3	30m	12	
M-14	1,6	45m	14	
M-16	1,9	50m	13	
M-18	2,1	50m	15	
M-21A	2,1	55m	15	
M-21B	1,9	50m	13	
M-35	2,5	65m	17	
M-40	2,4	65m	17	
M-45	2,2	55m	17	
M-50	1,8	40m	16	
M-55	1,8	40m	14	
E	2,8	70m	21	
INI-C	1,3	30m	13	
INI-L	1,7	50m	14	

SILLEDA

Categoría	Distancia (km)	Desnivel	Controis	Escala
F-12	1,3	20m	11	1:4000
F-14	1,4	25m	12	
F-16	1,7	25m	11	
F-18	1,8	30m	13	
F-21A	2,1	35m	14	
F-21B	1,7	25m	11	
F-35	2,1	35m	14	
F-40	2,1	35m	14	
F-45	1,9	30m	13	
F-50	1,2	25m	11	
F-55	1,2	25m	10	
F-E	2,7	45m	18	
M-12	1,3	20m	11	
M-14	1,7	25m	11	
M-16	1,9	30m	14	
M-18	2,1	35m	12	
M-21A	2,7	45m	16	
M-21B	1,9	30m	14	
M-35	3,0	60m	17	
M-40	3,0	60m	16	
M-45	2,8	50m	17	
M-50	2,3	35m	15	
M-55	2,0	30m	14	
E	3,4	60m	20	
INI-C	1,3	20m	10	
INI-L	1,7	25m	13	

4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |



CONCELLO DE LALÍN



6 – INSCRICIÓN

CATEGORÍAS OFICIAIS (persoas federadas):

- Será preciso aceptar a **DECLARACIÓN RESPONSABLE** durante o proceso de inscrición a través da web da FEGADO.
- Inscricións ata o domingo 3 de xullo, ás 23:50h, na web www.fegado.es.
- Tarxeta Sportident para todas as categorías. Asignarase unha tarxeta Sportident en aluguer a quen non indique o número de tarxeta na súa inscrición. Aluguer de Sportident: 3 € (a pagar xunto coa inscrición). A perda de esta tarxeta conleva o pago de 35 €.
- **CLUBE:** A través da web www.fegado.es. Enviar o xustificante do ingreso na conta de ING ES20 1465 01 00981730926982 a info@xestanatureza.com, no concepto poñer **LALÍN/SILLEDA** + nome do club. A cantidade a ingresar será a suma do resumo das inscricións do clube na carreira, máis 3€ por cada persoa que alugue a tarxeta SportIdent. Os clubs que precisen factura, deben enviar os seus datos fiscais.

CATEGORÍAS NON OFICIAIS (INICIACIÓN CURTA E LONGA):

- Só se permitirán inscricións realizadas no seguinte enlace: **INSCRICIÓN**
- Haberá saídas separadas de categorías oficiais e de Iniciación.
- Só se permitirá a saída ás persoas inscritas na carreira.

PREZOS 2022:

- Federad@s: Categorías ata 18 M/F: 7€.
- Federad@s: Categorías de 21 M/F en diante: 10€.
- Iniciación Curta (nen@s), sen licenza federativa: 10€.
- Iniciación Longa (maiores), sen licenza federativa: 13€.
- Aluguer tarxeta SportIdent: 3€.
- Recargo fora de prazo: 100% de cuota de inscrición.
- Cambio de tarxeta SI a pagar pol@ deportista: pechadas as inscricións, 2€; día de competición, 3€.

7 – LOCALIZACIÓNS

Tódalas localizacións, picando no mapa!:



4ª E 5ª PROBAS DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN SPRINT 2022

LALÍN – SILLEDA, 09/07/22

| BOLETÍN FINAL |



CONCELLO DE LALÍN



8 – NORMATIVA

A competición estará regulada por:

1. Reglamento de Orientación FEGADO 2022.
2. ANEXOS do anterior regulamento citado.
3. Normas Anuais FEGADO O-PE 2022.
4. Para o non contemplado, aplicaranse as Normas Xerais da FEDO e IOF.

NORMAS DA PROBA:

1. Será obligatorio levar visible por diante o dorsal oficial da Liga Galega de Orientación a Pé 2022. A organización porá a disposición dos participantes dorsais oficiais en branco no evento da web FEGADO, e na secretaría (ao prezo de 1€) o día da proba.
2. Os orientadores participan baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de Orientación a Pé.
3. Os clubs serán os responsables de inscribir a os menores de idade nun percorrido axeitado para o seu nivel físico e técnico.
4. Deberase levar unicamente como instrumento de Orientación e medida o compás.
5. Todas as persoas participantes nunha proba de Orientación deberán mostrar respecto cara os demais competidores, organizadores e espectadores, así como respectar a propiedade privada, os cultivos e as zonas de protección Medioambiental.
6. Todo competidor deberá prestar axuda a outro se o ve mancado.
7. Todo orientador debe respectar a sinalización da carreira e as balizas-control.
8. A perda da tarxeta de control ou o non paso por todos os controis será motivo de descalificación. En caso de abandono, será obrigado presentarse na meta e descargar SportIdent.
9. Tanto organizadores como competidores estarán obrigados a respectar o medio natural segundo as indicacións específicas que se publiquen en boletíns complementarios.
10. Farase especial vixilancia no respecto as zonas marcadas como prohibidas no mapa por parte da organización con persoal habilitado como xuíz auxiliar.